

## Acordos do pleno do Consello Social do ano 2012

---

### **Acordos do pleno de 14 de marzo de 2012:**

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 23 de febreiro: Informe da creación de Másteres Universitarios; Informe da creación de Programas de Doutoramento; Aprobación de modificacións de Titulacións de Grao; Aprobación de transferencias de coñecemento; Información sobre convenios da USC; Informe anual do Servizo de Control Interno.
- Aprobación da Memoria Anual do Consello Social do ano 2011.
- Aprobación de modificacións de Titulacións de Grao.
- Aprobación de modificacións de Titulacións de Másteres.
- Aprobación da asignación de complementos retributivos por méritos docentes-quinquenios.
- Aprobación de transferencias de coñecemento.
- Aprobación da participación da USC no Clúster de Alimentación Ecolóxica de Galicia.
- Informe da creación do título propio de Diploma Superior en Xestión Hoteleira.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Información sobre convenios da Universidade.

### **Acordos do pleno de 24 de maio de 2012:**

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 23 de abril: Aprobación de prezos da Escola Infantil Breogán; Aprobación de axudas para a escolarización de nenos e nenas menores de tres anos no Campus de Lugo; Aprobación de prezos de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias da USC para o curso 2012-2013; Aprobación de prezos de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias da USC para estudantes de mobilidade internacional no curso 2012-2013; Aprobación de prezos da convocatoria de prazas de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias da USC, para alumnos da comunidade universitaria ou alumnos da universidade de verán 2012, durante o período comprendido entre 1 de xullo e o 19 de setembro 2012; Aprobación de prezos de aloxamento no Sistema Universitario de Residencias da USC para visitantes e congresos durante o curso académico 2012-2013; Información de memorias de cursos de posgrao propios; Aprobación de doazón en favor da USC; Aprobación de

tarifas por servizos da Biblioteca Universitaria; Informe sobre convenios da Universidade; Informe de modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal Docente e Investigador; Informe de modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos.

- Aprobación da asignación de complementos retributivos-sexenios.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios.
- Aprobación da incorporación ao orzamento de 2012 da Universidade de Santiago de Compostela, dos remanentes de créditos existentes a 31 de decembro de 2011 e as dotacións non realizadas para actividades correspondentes a dereitos liquidados no exercicio 2011.
- Información sobre convenios da USC.

#### **Acordos do pleno de 5 de xuño de 2012:**

- Aprobación da normativa de permanencia nas titulacións de Grao e Máster.
- Aprobación de tarifas por servizos do Centro de Linguas Modernas.
- Informe de memorias de cursos de posgrao propios.
- Información sobre convenios da USC.
- Informe sobre a situación actual dos orzamentos e evolución dos gastos no exercicio 2012.

#### **Acordos do pleno de 27 de xuño de 2012:**

- Informe da auditoría da USC do exercicio económico 2011, e informe da auditoría das sociedades mercantís: Unixest, Unidíxital, Uninova, Unirisco e Cursos Internacionais da USC do exercicio económico 2011.
- Aprobación da memoria económica do exercicio 2011 da Universidade de Santiago de Compostela e sociedades participadas: contas anuais e informe de xestión.
- Aprobación da supresión de titulacións de másteres universitarios oficiais para o curso 2012-2013.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao Propios.
- Aprobación de doazóns e cesións de uso.
- Información sobre convenios da USC.

#### **Acordos do pleno de 17 de setembro de 2012:**

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 19 de xullo: Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal Docente e Investigador; Informe de Calidade: Resultados e Plans.
- Aprobación de complementos retributivos autonómicos.
- Información sobre a creación de novas titulacións de Másteres Universitarios.
- Aprobación da participación da USC no consorcio “Instituto Tecnolóxico de Matemáticas Industriais (ITMATI)”.
- Aprobación de transferencias de coñecemento.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Aprobación de tarifas por servizos.
- Informe sobre convenios da Universidade.
- Distribución de 103 bolsas de colaboración do MEC para o curso 2012-2013 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado de último curso de Grao ou de segundo ciclo ou primeiro de Máster que presten a súa colaboración nun Departamento, Instituto ou Centro, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

#### **Acordos do Pleno 24 de setembro de 2012:**

- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.

#### **Acordos do Pleno 30 de outubro de 2012:**

- Informe sobre a creación de novos másteres universitarios para o curso 2013-2014.
- Aprobación da creación e participación da Universidade de Santiago de Compostela no “Centro Interdisciplinar de Bioestatística da USC” (ICBUSC).
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Aprobación da aceptación de doazóns e cesións de uso.
- Informe sobre convenios da Universidade
- Informe sobre a modificación da relación de postos de traballo do PDI.

#### **Acordos do Pleno 12 de novembro de 2012:**

- Informe sobre a adscrición á USC do Centro Superior de Hostalaría de Galicia.
- Aprobación de modificacións de Titulacións de Grao.
- Aprobación de modificacións de Másteres Universitarios.
- Informe sobre a implantación de novas titulacións de grao para o curso 2013-2014.

- Informe sobre a implantación de novos másteres universitarios para o curso 2013-2014.
- Informe sobre a implantación de novos programas de doutoramento para o curso 2013-2014.
- Aprobación da retirada da participación da USC no capital social de tres empresas de base tecnolóxica.
- Aprobación de doazóns, cesións de uso e comodato.
- Informe sobre convenios da Universidade.
- Informe da creación da Escola Internacional de Doutoramento.
- Informe da situación actual das contas da USC.

#### **Acordos do Pleno 20 de decembro de 2012:**

- Informe de Control Interno.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Comisións do Consello Social.
- Elección de membros do Consello Social no Consello de Goberno.